

REUNIÓN COMISIÓN SEGUIMIENTO ACORDO DE CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL DOS CENTROS DE XESTIÓN PROPIA DA C. DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E CGSIB

Santiago de Compostela 19/01/24

A DXFP DA CONTA DAS SEGUINTE CUESTIÓN:

Carteleiras

- Carteleiras entregadas os Comités para negociar coas Xefaturas Territoriais, como todos os anos, a próxima semana, e deberían aplicarse dende o **1 de febreiro** pois sempre son máis beneficiosas co Acordo.

- Aplícanse os criterios do Acordo (máximo de noites e festivos e desconto horas por noite).

Créanse prazas a maiores das xa creadas, para aplicar o Acordo en materia de carteleiras, as cuestións estruturais trátanse máis adiante.

- [3 prazas en Política Social \(2 TCAE+1 subalterno\)](#)

- [33 prazas Consorcio incrementa \(29 xeros, 3 PSX, 1 técnico/a\)](#)

- [14 prazas en Escolas infantís de Política Social \(13 prazas TEXIS+ 1 camareira-limpadora\)](#)

Supostos excepcionais de redución de presenzas

1 presenza/ 1 día á semana, 1 presenza/ 1 día cada 3 semanas, e un suposto no que se reducen 2 presenzas/ 2 días a semana

- [Cobertura con intersubstitución que se regulará de inmediato](#)

Protocolo de violencia está a traballarse coas OOSS na Vicepresidencia, e ao rematar a traerán a esta Comisión.

Axuda comedor mantén o criterio de **contía igual ás que se aplican nos Servizos Centrais**, remitirán proposta sobre procedemento.

Intersubstitución enviarán regulación e terá compensación económica.

Escolas infantís manifesta que se lles aplica o Acordo e se demostra coa creación de prazas.

24 e 31 de decembro de 2023 irá á Comisión de Persoal o próximo mércores día 23 de xaneiro e modificarase a resolución que corresponda.

Noite de festivo adoptarase criterio homoxéneo para todos os centros.

UGT MANIFESTA

- Insistir na necesidade de ser respetuoso co Acordo por todas as partes asinantes** e amosar a disconformidade e malestar polas actitudes que non se corresponden con tratado nesta Comisión de seguimento.

- Igual sucede con 24 e o 31 de decembro de 2023, xa que se trata de normativa básica e común para todo o emprego público, ditos días de caer en sábado **teñen carácter de días adicionais de asuntos particulares**, como os outros 6 AP, nada teñen que ver as quendas ou modalidade de xornada, nada teñen que ver coas cláusulas do Acordo. Modifiquen a Resolución de 2016.

- O tema das **presenzas** veremos nas carteleiras si é excepcional, pero no suposto de falta de 2 presenzas/ dous días/semana, de non estar incluídos todos os descansos de domingo e festivo podería superar o 0,40 para crear praza.

